

LATÍN

Programación curso 2022/23

Departamento de Latín do IES Ramón Otero Pedrayo.



ÍNDICE

ÍNDICE	2
INTRODUCCIÓN	4
Contextualización	4
Profesorado	6
O noso espazo na rede	6
O estudo das linguas e cultura clásica	7
Obxectivos xerais	7
Tratamento dos temas transversais	8
LATÍN 4º DE E.S.O.	9
Contribución ao desenvolvemento das competencias clave	9
Obxectivos	10
Concreción dos estándares de aprendizaxe	11
Secuenciación e temporalización dos contidos	14
Estándares e porcentaxes	18
Metodoloxía e actividades complementarias	21
Instrumentos e procedementos de avaliación	22
Criterios de avaliación	23
Actividades de recuperación	24
Reforzos para lograr a recuperación	24
Criterios de promoción	24
Tratamento do fomento da lectura	25
Medidas de atención á diversidade	25
LATÍN 2º DE BACHARELATO	45
Obxectivos	45
Concreción dos estándares de aprendizaxe	46
Secuenciación e temporalización dos contidos	49
Estándares e porcentaxes	52
Metodoloxía e actividades complementarias	53

Instrumentos e procedementos de avaliación	53
Criterios de avaliación	54
Actividades de recuperación	55
Criterios de promoción	55
Tratamento do fomento da lectura	56
Medidas de atención á diversidade	56
Recuperación da materia pendente	
CRITERIOS DE AVALIACIÓN. CONTIDOS MÍNIMOS. LATÍN 4º ESO	57
CRITERIOS DE AVALIACIÓN. CONTIDOS MÍNIMOS. LATÍN 2º DE BACHARELATO	61
Instrumentos e procedementos de avaliación	63
ADDENDA	64

INTRODUCCIÓN

Contextualización

O IES Ramón Otero Pedrayo de Ourense ofrece para o curso 2022/23 as seguintes modalidades:

ENSINANZAS DIÚRNO

E.S.O. (Educación Secundaria Obrigatoria)

Bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía

Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais

ENSINANZAS DE ADULTOS

E.S.P.A. Educación Secundaria Para Adultos

Bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía

Bacharelato de Humanidades e de Ciencias Sociais

A actividade docente, dado o gran número de alumnos da zona, desenvólvese principalmente no edificio que naceu para Centro Provincial de Instrucción de Ourense no último tercio do s. XIX. Na actualidade, como espazo anexo utilízase un antigo colexio de Primaria, adaptado e modernizado, situado mesmo na outra beira da rúa Padre Feixoo. Trátase dun dos edificios nobres destinados para ensino con máis tradición dentro de Galicia, ó cal o tempo, no canto de murchar a súa beleza, faina máis esplendorosa. Destaca, en demasía, a suntuosidade do seu paraninfo, orgullo de todos os exalumnos e admiración de todos os visitantes que acoden a distintos actos culturais. Nas súas aulas, corredores e claustros permanecen os recordos imperecedeiros de numerosas promocións de alumnos e mestres entre os que sobresaen nomes como Saco e Arce, Julián Besteiro, Otero Pedrayo, Vicente Risco, Marcelo Macías, Xocas, José Angel Valente, Carlos Casares ou Elena Espinosa....

Hoxe participamos do proceso educativo que se leva a cabo no centro case mil alumnos, distribuídos nas ensinanzas de ESO, Bacharelato e Adultos, preto de noventa profesores e catorce profesionais de administración e servizos. Neste proceso educativo resulta imprescindible e sempre está presente a colaboración activa de nais e pais.

Na actualidade segue a ser un centro de referencia que limita a súas áreas de influencia aos números impares da rúa Serra de San Mamede , rúa Ramón Puga, tramo rúa Bonhome ata Nosa Sra. do Viso, Nosa Sra. Do Viso ata Río Barbaña , Carreira da Dulceira e rúa Santa Bárbara pola cara Sur. Pola Oeste rúa Polvorín dende cruce Santa Bárbara ata Río Barbaña , Río Barbaña ata tras Alameda , Doutor Fleming ata Travesía de Reza e a Norte as rúas Travesía de Reza, rúa Cruz Vermella , rúa San Miguel, rúa Viriato , rúa da Luna , escaleira á rúa da Granxa e rúa da Granxa, Serra da Móa, rúa Monte Penagache , tras Divino Maestro ata estrada da Granxa con Cruce San Mamede. Trátase dun entorno principalmente urbano cun alumnado destas mesmas características.

No seu proxecto educativo o IES Otero Pedrayo manifestase como aconfesional e pluralista respecto a todas as relixións de todos os membros da comunidade educativa. Maníéstase mesmamente como favorecedor da normalización lingüística do galego, procurando que esta sexa cada vez máis a lingua vehicular en todo o ámbito escolar. En cumprimento da lei debemos garantir que o alumnado teña un dominio, tanto oral como escrito, das dúas linguas oficiais, así como que coñeza o valor das dúas linguas nos ámbitos da comunicación e da cultura. O labor educativo do centro baséase no respecto mutuo, no diálogo, na reflexión, colaboración e na solidariedade, rexeitando calquera tipo de discriminación de calquera membro da comunidade educativa. Neste senso o Centro pretende constituírse nun espazo de convivencia e formación da xuventude do seu entorno, nun ambiente pluralista que promova a participación, a tolerancia, a solidariedade e o desenvolvemento intelectual nunha perspectiva crítica e racional da cultura, a sociedade e a ciencia do noso tempo.

O noso espazo na rede

centros.edu.xunta.es/iesoteropedrayo.ourense/

Profesorado

Juan Antonio Saco Rivera (Profesor de Latín e Xefe de Departamento)	
Latín I de 1º Bacharelato (A)	
Latín II de 2º Bacharelato (B-C)	
Latín II de 2º Bacharelato (A)	Bacharelato de Adultos

Ana Gloria (Profesora de Grego)	
Latín 4º de ESO	

O estudo das linguas e cultura clásica

O estudo do latín e o grego como linguas flexivas proporciona mediante a comparación unha sólida base científica para o estudo e o perfeccionamento progresivo no manexo doutras linguas.

As dúas linguas, logo de adquiridos uns mínimos coñecementos sobre os seus mecanismos morfosintácticos e o seu léxico, permiten entender as linguas romances como resultado dunha evolución e atopar paralelismos entre elas que axuden no seu estudo.

O estudo da orixe e a evolución do latín ás linguas romances proporciónalle ao alumnado os instrumentos necesarios para comprender e analizar os procesos de cambios fonéticos, morfosintácticos e semánticos que deron lugar aos procedementos que rexen hoxe as súas linguas, e axuda a incrementar de xeito notable o seu léxico. A reflexión sobre o léxico coñecido, tanto de orixe latina como grega, a adquisición de novas palabras e a comprensión das estruturas da lingua latina e grega interveñen de xeito notable no uso máis eficaz da lingua propia como instrumento de aprendizaxe, comunicación e interpretación da realidade.

Obxectivos xerais

Conseguir no alumno unha visión interdisciplinar e global da educación como formación e non como simple aprendizaxe de datos clasificados segundo materias distintas. As linguas clásicas préstanse a isto pola gran cantidade de referencias históricas, filosóficas, culturais, xeográficas ou incluso científicas que poden proporcionar.

É posible dividir este obxectivo xeral noutros varios:

- ▶ Afianzamento definitivo dos coñecementos lingüísticos dos alumnos mediante a aprendizaxe e afondamento nos contidos gramaticais da lingua latina e grega e o establecemento das relacións que existen entre ditas linguas e as actuais, máis concretamente o galego e o castelán.
- Lograr que no alumno apareza o hábito de entroncar as ensinanzas lingüísticas cos elementos culturais que se lle van explicando e a translación dos mesmos, na medida da súa pertinencia ó seu entorno concreto.
- Coñecemento da Historia, Cultura e Institucións da Antigüidade Latina, a través da comprobación da súa vixencia no mundo actual.
- Achegamento á mentalidade colectiva, á relixión e á filosofía do mundo clásico co fin de poder observar a súa transmisión a través dos séculos.

Tratamento dos temas transversais

Os contidos englobados baixo a denominación de “Temas Transversais” trátanse, en maior ou menor medida, ó longo de todo o curso e en todos os niveis. Por outro lado, determinados temas transversais aparecen reflectidos de maneira específica en certos bloques de contidos:

- ▶ Educación moral e cívica. O estudio da organización social, política e relixiosa de Roma permite abordar o tema dende un punto de vista crítico (loitas sociais, liberdade de culto, dereitos e deberes do cidadán, participación na vida política e relixiosa...)
- Educación para a paz. A análise crítica do espírito militarista e imperialista que caracterizou ó pobo romano, debe constituír o punto de partida para desenvolver no alumnado unha actitude tolerante e non violenta. A Historia de Roma abonda en exemplos para chegar a este mesmo obxectivo.
- Educación para a igualdade. A análise crítica das estruturas sociais e familiares de Roma propiciará o desenvolvemento dunha actitude de respecto cara calquera individuo, independentemente do seu sexo, raza, ideoloxía ou crenza.
- Educación para a saúde. Intentarase inculcar no alumnado o concepto integral da saúde como benestar físico e mental, a través dos costumes hixiénicos e alimenticios dos gregos, herdados en gran medida polo mundo romano.
- Educación para Europa. Procurarase desenvolver no alumnado a conciencia de identidade europea a partir do coñecemento da herdanza lingüística, histórica e cultural legada polo Mundo Clásico ao mundo occidental.

LATÍN 4º DE E.S.O.

Lexislación de referencia

- *Decreto 86/2015 do 25 de xuño polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato da Comunidade Autónoma de Galicia*
- *Resolución do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.*

Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

A principal finalidade da materia de Latín na etapa da ESO é introducir ao alumnado no coñecemento dos aspectos esenciais da lingua e cultura latinas, dentro do marco que coñecemos como herdanza clásica.

Esta perspectiva está tamén presente no currículo de bacharelato, pero esta etapa educativa precisa un estudo máis profundo da lingua, debido ao seu potencial indubidable no incremento da competencia lingüística no alumnado, e en concreto nas linguas utilizadas na nosa Comunidade, ademais de proporcionar unha base sólida para o manexo doutras linguas.

É moi recomendable comezar o estudo do latín cun método natural na ESO, pero xa no bacharelato debe aspirarse a un estudo máis pormenorizado. O obxectivo último da lectura, comprensión e interpretación dos textos clásicos é a situación idónea para abordar os diferentes aspectos da civilización latina.

Resulta obvio que a **comunicación lingüística** é a competencia clave que máis presenza terá na materia de Latín, xa que o estudo da lingua latina, da súa orixe e evolución, do seu funcionamento interno, do seu léxico e dos seus textos redundará sen dúbida nun maior coñecemento e dominio das linguas propias e tamén doutras linguas.

O labor de tradución é un exercicio intelectual completo que impulsa a **competencia clave de aprender a aprender**. O traballo de lectura, interpretación e comentario dos textos da etapa do bacharelato ocupará a meirande parte do tempo lectivo.

A **competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía** poden tamén traballarse nunha materia de Humanidades, sobre todo no ámbito da actividade humana, e nas pegadas da civilización latina na educación, urbanismo e arte.

O proceso de busca de información na rede e a súa selección e utilización responsable, guiados polo profesor axuda a reforzar a **competencia dixital**. Ademais no traballo diario, a utilización dos medios informáticos será unha práctica inescusable.

As **competencias sociais e cívicas** poden ser traballadas particularmente nos bloques referidos á civilización, sen perder de vista que a civilización latina é berce da Europa actual. Por iso os conceptos democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e diversidade, poden ser comparados e incorporados mediante o estudo do mundo antigo.

Os contidos de literatura latina e das artes plásticas e sobre todo a romanización de Hispania e Gallaecia fai que se desenvolva a **competencia en conciencia e expresión cultural**, sendo o obxectivo primordial recoñecer as manifestacións culturais do mundo antigo e as súas pegadas no mundo actual e no contexto particular do alumnado como patrimonio dos pobos.

A **competencia que traballa o sentido da iniciativa e o espírito emprendedor** estará presente sobre todo nos bloques de contidos non lingüísticos, para aproveitar a metodoloxía do traballo en grupo de xeito responsable e proactivo.

Obxectivos

- I. Comprender textos latinos en contextos onde o sentido sexa facilmente deducible.
- II. Identificar e relacionar elementos morfolóxicos, sintácticos e léxicos da lingua latina que permitan a análise e a tradución de textos sinxelos.
- III. Desenvolver os hábitos de organización, traballo e disciplina no estudo a partir dos mecanismos de estruturación mental que implica o proceso de análise e tradución de textos latinos.
- IV. Mellorar a lectura comprensiva e a expresión oral e escrita mediante o coñecemento do vocabulario e as estruturas gramaticais latinas.
- V. Coñecer a orixe e evolución das linguas romances para valorar os trazos comúns e a diversidade lingüística como mostra da riqueza cultural dos pobos de Europa.
- VI. Utilizar as regras fundamentais de evolución fonética do latín ás linguas romances e identificar palabras patrimoniais, cultismos e expresións latinas en diferentes contextos lingüísticos.
- VII. Entender o significado do léxico común de orixe grecolatina da propia lingua e comprender vocabulario culto, científico e técnico a partir dos seus compoñentes etimolóxicos.
- VIII. Reflexionar sobre os elementos formais e as estruturas lingüísticas das linguas romances coñecidas polo alumno, a través da comparación co latín, modelo de lingua flexiva.
- IX. Coñecer os aspectos relevantes da cultura e da civilización romanas, utilizando diversas fontes de información e diferentes soportes, para identificar e valorar a súa continuidade no noso patrimonio cultural, artístico e institucional.
- X. Coñecer os xéneros literarios latinos máis importantes.

Concreción dos estándares de aprendizaxe

Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliábeis que forman parte dos perfís competenciais para os alumnos de Latín de 4º de E.S.O.

Estándares de aprendizaxe LATÍN 4º de E.S.O.	Competencias Clave
Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances	
LAB1.1.1. Sinala sobre un mapa o marco xeográfico no que se sitúa en distintos períodos a civilización romana, delimitando o seu ámbito de influencia e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.	CMCCT, CCEC, CAA,CD, CSC
LAB1.2.1. Define o indoeuropeo e reconece as linguas indoeuropeas e as súas familias, delimitando nun mapa a zona de orixe e as zonas de expansión.	CD, CAA, CMCCT
LAB1.3.1. Identifica as linguas que se falan actualmente en Europa, diferenciando pola súa orixe entre indoeuropeas e non indoeuropeas, clasifica as primeiras en familias lingüísticas e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.	CSC, CAA,CD
LAB1.4.1. Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando pola súa orixe as romances e as non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.	CSC, CAA,CD
LAB1.5.1. Identifica e diferencia palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos, en relación co termo de orixe.	CCL, CAA
LAB1.6.1. Realiza evolucións de ermos latinos ao galego e ao castelán aplicando as regras fonéticas de evolución.	CCL, CAA

Bloque 2. Sistema da lingua latina: elementos básicos	
LAB2.1.1. Reconece diferentes tipos de escritura e clasifícaos consonte a súa natureza e a súa función.	CD, CCEC
LAB2.2.1. Explica a orixe do alfabeto de diferentes linguas partindo do abecedario latino, sinala as principais adaptacións que se producen en cada unha delas, reconece os tipos de alfabetos usados actualmente en Europa e relaciona cada un coas linguas que os empregan.	CAA, CD
LAB2.3.1. Le en voz alta textos latinos de certa extensión coa pronuncia correcta.	<input type="checkbox"/> CCL

Bloque 3. Morfoloxía	
LAB3.1.1. Descompón palabras nos seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e morfemas, e servíndose destes para identificar desinencias e explicar o concepto de flexión e paradigma.	CMCCT, CCL

Bloque 3. Morfoloxía

LAB3.2.1. Distingue palabras variables e invariables, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para clasificalas.	CAA, CCL
LAB3.3.1. Define o concepto de declinación e conxugación.	CAA, CCL
LAB3.4.1. Enuncia correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distíngueos a partir do seu enunciado e clasifícaos segundo a súa categoría e a súa declinación.	CD, CCL
LAB3.4.2. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.	CCL, <input type="checkbox"/> CAA
LAB3.5.1. Identifica as conxugacións verbais latinas e clasifica os verbos segundo a súa conxugación a partir do seu enunciado.	CAA, <input type="checkbox"/> CCL
LAB3.5.2. Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos de paradigmas regulares e reconece a partir destas os modelos de conxugación.	CCL, CAA
LAB3.6.1. Identifica correctamente as principais formas derivadas de cada tema verbal latino: en voz activa o modo indicativo, tanto do tema de presente como do tema de perfecto; en pasiva, o presente, o pretérito imperfecto, o futuro imperfecto e o pretérito perfecto de indicativo.	CAA, CCL
LAB3.6.2. Cambia de voz as formas dos tempos verbais do presente, pretérito imperfecto, futuro imperfecto e pretérito perfecto de indicativo.	CCL
LAB3.6.3. Identifica formas non persoais do verbo, como o infinitivo de presente activo e o participio de perfecto.	<input type="checkbox"/> CAA, CCL
LAB3.6.4. Traduce correctamente ao galego e ao castelán diferentes formas verbais latinas.	CCL

Bloque 4. Sintaxe

LAB4.1.1. Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos adaptados, identificando correctamente as categorías gramaticais presentes nas palabras con flexión e explicando as funcións na oración.	<input type="checkbox"/> CMCCT
LAB4.2.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal e pronominal latina, e explica as principais funcións que realizan dentro da oración.	CAA, CCL
LAB4.2.2. Traduce correctamente á súa lingua os casos latinos presentes nos textos e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso.	CCL
LAB4.3.1. Reconece nos textos as regras e a concordancia latina, e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso.	CCL
LAB4.4.1. Compara e clasifica tipos de oracións simples, e identifica as súas características.	CMCCT, CCA, CCL
LAB4.5.1. Compara e clasifica tipos de oracións compostas, e diferéncias das oracións simples.	CAA, CMCCT, CCL
LAB4.6.1. Reconece, dentro de frases e textos sinxelos, as construcións de infinitivo e participio máis transparentes, e analizaas e tradúceas correctamente.	CCL

Bloque 5. Roma: historia, cultura e civilización

Bloque 5. Roma: historia, cultura e civilización	
LAB5.1.1. Distingue as etapas da historia de Roma e explica os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras.	CSC, CSIEE, CD
LAB5.1.2. Sabe enmarcar determinados feitos históricos no período histórico correspondente.	CAA, CCEC, CSC
LAB5.1.3. Pode elaborar eixes cronolóxicos nos que se representan fitos históricos salientables, consultando diferentes fontes de información.	CD, CAA, CMCCT
LAB5.1.4. Describe algúns dos principais fitos históricos da civilización latina, e explica a grandes liñas as circunstancias en que teñen lugar e as súas principais consecuencias.	CSC, CCEC, CCL
LAB5.2.1. Describe os trazos esenciais que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema político romano.	CSIEE, CSC, CCL
LAB5.2.2. Describe a organización da sociedade romana e explica as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha delas, en comparación cos actuais.	CSIEE, CSC, CCEC, CCL
LAB5.3.1. Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, e analiza a través deles os estereotipos culturais da época en comparación cos actuais.	CSC, CCEC, CCL
LAB5.4.1. Identifica os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinala os trazos que os caracterizan e establece relacións entre os deuses máis importantes.	CCEC, CCL, CD
LAB5.5.1. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, e sinala as semellanzas e as principais diferenzas que se observan entre ambos os tratamentos.	CAA, CCEC, CD
LAB5.6.1. Distingue e describe o modo de vida en Roma no ámbito privado, analizando os tipos de vivenda, alimentación, vestimenta e coidado persoal e contrástaos cos da actualidade.	CD, CCEC, CSC, CCL, CSIEE, CCL, CAA
LAB5.7.1. Describe as características dos tipos de espectáculos públicos celebrados no teatro, no circo e no anfiteatro, valora o seu mantemento no mundo actual e sitúa nun mapa os teatros, os circos e os anfiteatros conservados máis importantes.	CSC, CSIEE, CCL, CMCCT, CCEC

Bloque 6. Textos	
LAB6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases de dificultade graduada e textos adaptados, para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión.	CCL, CAA
LAB6.2.1. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global, relacionando estruturas latinas con outras equivalentes nas linguas que coñece.	CCL, CAA
LAB6.3.1. Utiliza correctamente os manuais e o dicionario, analizando a información que proporcionan, para traducir pequenos textos.	CCL, CAA
LAB6.4.1. Realiza comentarios sobre determinados aspectos culturais presentes nos textos seleccionados, aplicando para iso os coñecementos adquiridos previamente nesta ou noutras materias.	CCEC, CCL
LAB6.4.2. Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes.	CMCCT, CD, CCL

Bloque 6. Textos

LAB6.5.1. Redacta frases sinxelas ou pequenos textos en latín sobre un tema proposto.	CCL
LAB6.6.1. Mantén un sinxelo diálogo en latín sobre a base dun tema previamente acordado.	CCL

Bloque 7. Léxico

LAB7.1.1. Deduce o significado de termos latinos non estudados, partindo do contexto ou de palabras da lingua propia.	CAA, CCL
LAB7.1.2. Identifica e explica as palabras transparentes e de maior frecuencia.	CD, CAA
LAB7.2.1. Identifica e explica os principais prefixos e sufixos, analizando o seu mantemento na propia lingua.	CMCCT, CCL
LAB7.3.1. Identifica a etimoloxía de palabras de léxico común da lingua propia e explica a partir desta o seu significado.	CCL
LAB7.4.1. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregalas no seu contexto axeitado, cando se expresa na súa propia lingua.	CD, CSC, CCEC, CCL

Secuenciación e temporalización dos contidos

Contidos Primeira avaliación LATÍN 4º de E.S.O.	Referencia	Mes	nº sesións	Probas avaliación
B1.1. Marco xeográfico da lingua.	Tema 1	Setembro	1	Elaboración mapa imperio romano.
B2.1. Orixe da escritura. Sistemas de escritura.	Tema 1	Setembro	2	Cuestións sobre a orixe e sistemas de escritura.
B2.2. Orixe do alfabeto latino. Acentuación. Números romanos B2.3. Pronuncia do latín.	Tema 1	Setembro	3	Probas de lectura. Cuestións sobre o alfabeto Cuestionario "A escritura. O alfabeto. O indoeuropeo".
B1.2. O indoeuropeo. Linguas indoeuropeas e familias lingüísticas.	Tema 1	Setembro	4	Traballo Web + exposición aula Cuestións sobre o indoeuropeo Cuestionario "A escritura. O alfabeto. O indoeuropeo".

Contidos Primeira avaliación LATÍN 4º de E.S.O.	Referencia	Mes	nº sesións	Probas avaliación
B3.1. Formantes das palabras. B3.2. Tipos de palabras: variables e invariables. B3.3. Concepto de declinación e conxugación. B3.4. Flexión nominal e pronominal: substantivos, adxectivos e pronomes. B3.5. Flexión verbal. □B4.1. Elementos da oración. B4.2. Casos latinos. B4.3. Concordancia. B4.4. Oración simple: oracións atributivas e predicativas. B4.5. Oración composta: oracións coordinadas. B4.6. Construcións de infinitivo e de participio máis transparentes.	Temas 2/3	Setembro- Decembro	6	Examen tipo actividades de clase sobre “O latín lingua flexiva”
B5.1. Períodos da historia de Roma. B5.2. Organización política e social de Roma.	Temas 2/3	Novembro- decembro	6	Traballo Web e preguntas.
B6.1. Análise morfolóxica e sintáctica. Primeira e segunda declinación. Adxectivos. B6.2. Comparación das estruturas latinas coas das linguas propias. B6.3. Iniciación ás técnicas de tradución. B6.4. Lectura comprensiva de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos. B6.5. Produción de pequenos textos propios en lingua latina.	Temas 1-4	Setembro Outubro Novembro Decembro	2+3 3+4 6	Preguntas, traducións, e exame con cuestións tipo modelo en clase.
Pervivencia do legado latino (novas web)	Temas 1-4	Setembro- decembro	1 (posta en común)	Traballo web e exposición en Aula.

Contidos Segunda avaliación LATÍN 4º de E.S.O.	Referencia	Mes	nº sesións	Probas avaliación
B1.3. Linguas de España: linguas romances e non romances.	Tema 4	xaneiro	5	Cuestionario “Orixe e evolución do latín” Comparación de linguas.
B1.4. Palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.	Tema 5	febreiro	3	Cuestionario e exemplos prácticos.
B7.3. Locucións latinas de uso actual.	Todos os temas.	febreiro - marzo	3	Traballo sobre búsqueda en prensa e pregunta nas probas de examen.

Contidos Segunda avaliación LATÍN 4º de E.S.O.	Referencia	Mes	nº sesións	Probas avaliación
B5.6. Espectáculos públicos: teatro, circo e anfiteatro.	Tema 6	xaneiro - marzo	9	Traballo Web + exposición aula Mapa conceptual “Espectáculos públicos” Cuestionario “Espectáculos públicos”
B6.4. Lectura comprensiva de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos.	Libros teatro	marzo - abril		Lectura dunha obra de Plauto e asistencia a unha representación teatral.
B3.4. Flexión nominal (terceira, cuarta e quinta declinación) e pronominal: substantivos, adxectivos e pronomes. B3.5. Flexión verbal: presente, imperfecto e futuro. □B4.1. Elementos da oración. B4.2. Casos latinos. B4.3. Concordancia. B4.4. Oración simple: oracións atributivas e predicativas. B4.5. Oración composta: oracións coordinadas. B4.6. Construcións de infinitivo e de participio máis transparentes. B6.1. Análise morfolóxica e sintáctica. B6.2. Comparación das estruturas latinas coas das linguas propias. B6.3. Iniciación ás técnicas de tradución. B6.4. Lectura comprensiva de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos. B6.5. Producción de pequenos textos propios en lingua latina.	Tema 5 Tema 6 Tema 7	xaneiro febreiro - marzo	3+3 3+4	Coñecer as declinación. Tradución de frases sinxelas. Coñecemento dos verbos en latín, galego e castelán. Probas orais e escritas. Traballo de casa e da aula. Páxinas web con xogos interactivos.
Pervivencia do legado latino (novas web)	Todo o trimestre	xaneiro - marzo	1 (posta en común)	Traballo web e exposición na Aula.

Contidos Terceira avaliación LATÍN 4º de E.S.O.	Referencia	Mes	nº sesións	Probas avaliación
B7.1. Vocabulario básico latino: léxico transparente; palabras de maior frecuencia.	Abril	abril	3	Actividade Pictionary
B7.2. Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos.		maio	3	Cuestionario sobre evolución de palabras e palabras que procedan do latín

Contidos Terceira avaliación LATÍN 4º de E.S.O.	Referencia	Mes	nº sesións	Probas avaliación
B5.5. Vida cotiá: vivenda, alimentación e indumentaria.	Tema 8 Tema 9 Tema 10	abril - maio	9	Traballo Web + exposición aula Mapa conceptual Cuestións sinxelas sobre o tema.
B5.3. A familia romana.				
B5.4. Mitoloxía e relixión.			5	Mapa conceptual "Mitoloxía" Cuestionario.
B3.4. Flexión nominal e pronominal: substantivos, adxectivos e pronomes. B3.5. Flexión verbal. B4.1. Elementos da oración. B4.2. Casos latinos. B4.3. Concordancia. B4.4. Oración simple: oracións atributivas e predicativas. B4.5. Oración composta: oracións coordinadas. B4.6. Construcións de infinitivo e de participio máis transparentes.		abril - maio	3+3	Traballo diario. Controles morfoloxía na Aula.
B6.1. Análise morfolóxica e sintáctica. B6.2. Comparación das estruturas latinas coas das linguas propias. B6.3. Iniciación ás técnicas de tradución. B6.4. Lectura comprensiva de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos. B6.5. Producción de pequenos textos propios en lingua latina.		maio	4	Tradución e análise sintáctica. Comparación de linguas. Coñecemento das técnicas de tradución. Probas de relacionar.
Pervivencia do legado latino (novas web)	Web	abril - xuño	1 (posta en común)	Traballo web e exposición na Aula.

Estándares e porcentaxes

Bloque 1: O latín, orixe das linguas romances.

- 1.1. Localiza nun mapa o marco xeográfico en que ten lugar o nacemento da lingua latina e a súa expansión.
- 2.1. Explica a orixe da lingua latina e a relación coas outras linguas da familia indoeuropea.
- 2.2. Enumera e localiza nun mapa as principais ramas da familia das linguas indoeuropeas.
- 3.1. Explica o concepto de familia lingüística.
- 3.2. Define o concepto de indoeuropeo e explica o proceso de creación do termo.
- 4.1. Establece a filiación das linguas de Europa delimitando nun mapa a zona de orixe e zonas de expansión.
- 5.1. Coñece as etapas da evolución da lingua latina.
- 6.1. Identifica a escritura e a evolución dos caracteres do alfabeto.
- 7.1. Coñece a pronuncia do latín e utiliza algunhas palabras e expresións básicas.
- 8.1. Sitúa nun mapa as linguas que xurden do latín.

Bloque 2: Sistema da lingua latina. Elementos básicos

- 1.1. Recoñece diferentes tipos de escritura segundo a súa orixe e tipoloxía e describindo os trazos que distinguen a uns doutros.
- 2.1. Explica a orixe do alfabeto e describe a evolución dos seus signos a partir da adaptación dos signos do alfabeto fenicio.
- 2.2. Explica a orixe e a evolución dos sistemas de escritura de diferentes linguas, partindo do alfabeto, e sinala as adaptacións que se producen en cada unha delas.
- 3.1. Identifica e nomea correctamente os caracteres que forman o alfabeto latino, a súa pronuncia e as diferencias co noso alfabeto.
- 4.1. Sitúa todos os fonemas da lingua latina no cadro clasificatorio dos fonemas e sabe describilos desde o punto e o modo de articulación.
- 5.1. Coñece as normas de transcrición de termos gregos ao latín e de aí ao galego e ao castelán para razoar a ortografía dos helenismos en inglés e francés.
- 6.1. Coñece as principais cuestión sobre pronunciación e acentuación en latín.

Bloque 3: Morfoloxía

- 1.1. Distingue unha lingua flexiva doutra non flexiva.
- 2.1. Distingue palabras variables e invariables, explica as características que permiten identificalas e define criterios para clasificalas.
- 3.1. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e afixos, e buscando exemplos doutros termos nos que estean presentes.
- 4.1. Enuncia correctamente diversos tipos de palabras en latín, distinguíndoos a partir do seu enunciado e clasificándoos segundo a súa categoría e declinación.

-
- 5.1. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.
 - 5.2. Analiza desde o punto de vista morfolóxico substantivos, adxectivos, determinantes e sintagmas de concordancia, e tradúceos correctamente ao galego e/ou ao castelán.
 - 6.1. Declina e/ou conxuga correctamente palabras propostas segundo a súa categoría, e explica e ilustra con exemplos as características que diferencian os conceptos de conxugación e declinación.
 - 6.2. Clasifica verbos segundo o seu tema, e describe os trazos polos que se recoñecen os modelos de flexión verbal.
 - 6.3. Explica o uso dos temas verbais latinos e identifica correctamente as formas derivadas de cada un deles.
 - 6.4. Conxuga os tempos verbais en voz activa e pasiva, aplicando correctamente os paradigmas correspondentes.
 - 6.5. Analiza morfoloxicamente e traduce ao galego e/ou ao castelán diferentes formas verbais e compara o seu uso en ambas as linguas.
 - 6.6. Cambia de voz as formas verbais identificando e manexando con seguridade os formantes que expresan este accidente verbal.
 - 7.1. Distingue formas persoais e non persoais dos verbos, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para as clasificar.

Bloque 4: Sintaxe

- 1.1. Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos sinxelos identificando correctamente as categorías gramaticais ás que pertencen as diferentes palabras e explicando as funcións que realizan no contexto.
- 2.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal latina, explica as súas funcións dentro da oración e ilustra con exemplos a forma adecuada de traducilos.
- 3.1. Coñece e aplica a concordancia entre nomes e determinantes nominais, así como entre verbos e suxeitos.
- 4.1. Analiza correctamente casos e funcións para poder recoñecer cada elemento da oración.
- 5.1. Compara e clasifica diferentes tipos de oracións simples, e identifica e explica en cada caso as súas características.
- 6.1. Compara e clasifica diferentes tipos de oracións compostas, diferéncias con precisión das oracións simples e explica en cada caso as súas características.
- 7.1. Identifica as funcións das formas de infinitivo dentro da oración, comparando exemplos do seu uso.
- 8.1. Recoñece, analiza e traduce correctamente as construcións de infinitivo concertado e non concertado, relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñece.
- 9.1. Identifica as funcións das formas de participio dentro da oración, comparando exemplos do seu uso.
- 10.1. Recoñece, analiza e traduce correctamente as construcións de participio concertado e non concertado, relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñece.
- 11.1. Identifica e relaciona elementos morfolóxicos da lingua latina para realizar a análise e a tradución de textos sinxelos.
- 12.1. Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua latina, relacionándoos para traducilos cos seus equivalentes en galego e/ou en castelán.

Bloque 5: Roma: historia, cultura, arte e civilización

- 1.1. Describe o marco histórico no que xorde e se desenvolve a civilización latina, sinalando distintos períodos dentro del e identificando en cada un as conexións máis importantes con outras civilizacións.
- 1.2. Pode elaborar eixes cronolóxicos nos que se representan fitos históricos relevantes, consultando ou non fontes de información.
- 1.3. Distingue as etapas da historia de Roma, explicando os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras.
- 1.4. Sabe enmarcar determinados feitos históricos na civilización e no período histórico correspondente, pónoos en contexto e relacionándoos con outras circunstancias contemporáneas.
- 2.1. Describe os principais componentes da respublica latina, compáraos entre eles, establecendo semellanzas e diferenzas, e cos actuais.
- 2.2. Describe a organización da sociedade latina, explica as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha, relaciona estes aspectos cos valores cívicos da época e compáraos cos actuais.
- 3.1. Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, analizando a través deles estereotipos culturais da época e comparándoos cos actuais.
- 4.1. Identifica e describe formas de traballo e relacións cos coñecementos científicos e técnicos da época, explicando a súa influencia no progreso da cultura occidental.
- 4.2. Describe as principais formas de lecer da sociedade romana e analiza a súa finalidade, os grupos aos que van dirixidas e a súa función no desenvolvemento da identidade social.
- 5.1. Pode nomear coa súa denominación grega e latina os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, e sinalar os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o seu ámbito de influencia.
- 6.1. Identifica dentro do imaxinario mítico deuses, semideuses e heroes, e explica os principais aspectos que os diferencian.
- 6.2. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, analizando a influencia da tradición clásica neste fenómeno e sinalando as semellanzas e as principais diferenzas entre ambos os tratamentos, asociándoas a outras características culturais propias de cada época.
- 6.3. Recoñece referencias mitolóxicas directas ou indirectas en diferentes manifestacións artísticas, e describe, a través do uso que se fai destas, os aspectos básicos que en cada caso se asocian á tradición grecolatina.
- 7.1. Enumera e explica as principais características da relixión latina, pónoas en relación con outros aspectos básicos da cultura grecolatina e establecendo comparacións con manifestacións relixiosas propias doutras culturas.
- 8.1. Describe e analiza os aspectos relixiosos e culturais e a presenza ou ausencia destes nos seus correlatos actuais.

Bloque 6: Textos

- 1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos de dificultade graduada para efectuar correctamente a súa tradución.
- 2.1. Utiliza correctamente o dicionario para localizar o significado de palabras que entrañen dificultade, identificando entre varias acepcións o sentido máis axeitado para a tradución do texto.
- 2.2. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global.
- 3.1. Traduce do grego ao galego e/ou ao castelán frases e textos sinxelos.

-
- 4.1. Utiliza os coñecementos adquiridos para facer comentarios dos textos.
 - 5.1. Compara estruturas gregas coas da lingua propia, e establece semellanzas e diferenzas.
 - 6.1. Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes.
 - 7.1. Mantén un sinxelo diálogo en latín sobre a base dun tema previamente acordado.
 - 8.1. Redacta frases sinxelas ou pequenos textos en latín sobre un tema proposto.

Bloque 7: Léxico

- 1.1. Deduce o significado de palabras non estudadas a partir de palabras da súa propia lingua ou do contexto.
- 1.2. Identifica e explica as palabras de maior frecuencia e os principais prefixos e sufixos, e tradúceos á propia lingua.
- 1.3. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinala e diferencia lexemas e afixos, e procura exemplos doutros termos nos que estean presentes.
- 2.1. Descompón os formantes das palabras e reconece o significado dos elementos de orixe grecolatino.
- 3.1. Identifica locucións e os latinismo máis frecuentes do vocabulario común, explica o seu significado e constrúe frases axeitadas con sentido.
- 3.2. Identifica a etimoloxía e coñece o significado das palabras de léxico común da lingua propia.
- 5.1. Relaciona distintas palabras da mesma familia etimolóxica ou semántica.

Metodoloxía e actividades complementarias

- Comparación das estruturas morfosintácticas máis representativas da lingua latina coas do galego e castelán para que o alumno poida percibir a súa conexión e dependencia.
- Lectura en voz alta dos textos latinos.
- Tradución de textos latinos seleccionados sobre os que versarán as explicacións gramaticais pertinentes.
- Exercicios de tradución inversa, Galego ou Castelán-Latín, con frases sinxelas e mecanismos gramaticais xa estudados na clase. Traballarase tanto a expresión oral como a escrita, realizando tamén pequenos vídeos en latín: presentacións, pequenas narracións, etc.
- Realización dos exercicios que propón o libro de texto e outros que o profesor seleccione da bibliografía complementaria.
- Realización de exercicios do libro de texto.
- Realización de exercicios on-line.
- Traballos en equipo con presentación posterior ao resto da clase.
- Proxección de vídeos e películas correspondentes aos temas culturais.
- Audición de textos latinos recitados.
- Se fora posible, publicación nos blogs, webs ou cadernos dixitais, de entradas relacionadas cos contidos, dramatizacións, ben de xeito individual, ben formando grupos.

- Probas realizadas como cuestionarios (escolla múltiple, verdadeiro e falso, encrucillados, etc.) ou ben tarefas de envío de traballos, glosarios de edición colectiva e tarefas de texto en liña.
- Comentarios ou preguntas sobre textos. O alumno levará tamén unha libreta coas anotacións e resumos dos temas e exercicios que se traten na Aula.
- Realización de presentacións de traballos en equipo propostos polo profesor.
- Lecturas breves de documentos relacionados cos contidos, que permitan cualificar a capacidade de síntese e comprensión do alumno.
- Lectura de novelas históricas ou cómics ambientados na Roma Antiga.
- Lectura da obra de teatro de Plauto representada no festival de Lugo-Ourense.
- Na primavera poderase facer unha excursión ao xacemento de Sto. Tomé ou ao Museo Arqueolóxico de Ourense para que os alumnos coñezan o pasado romano da súa cidade.
- No segundo trimestre os alumnos participarán no Concurso de Cultura Clásica Odisea 2023, organizado pola Sección Galega da Sociedade Española de Estudos Clásicos.
- No segundo trimestre está prevista unha visita ó festival de teatro greco-latino Lugo-Ourense 2023, organizado pola Sección Galega da Sociedade Española de Estudos Clásicos.
- Busca e realización dun traballo sobre latinismos e aforismos latinos en prensa, literatura e publicidade.
- Empregarase como manual obrigatorio o libro de LATÍN 4 de Navarro González e Rodríguez Jiménez da Editorial Anaya.

Instrumentos e procedementos de avaliación

- Haberá unha proba cada vez que se acabe un tema do libro de texto con cuestións principalmente de dita unidade, excepto o primeiro tema introdutorio que será conxunto co tema dous. Haberá preguntas sobre cousas vistas na clase.
- Os alumnos deberán elaborar un ou varios proxectos sobre latinismos ou temas de cultura que será avaliado polos demais compañeiros ou/e pola profesora e contará como nota.
- Os alumnos deberán ler unha obra de temática relacionada coa materia ou ben un cómic que contará como nota para a primeira avaliación.
- No segundo trimestre os alumnos deberán entregar o traballo sobre latinismos e aforismos latinos en prensa, literatura e publicidade que será avaliado e formará parte da nota da segunda avaliación.
- Nas probas de avaliación primarán en porcentaxe os contidos lingüísticos de morfoloxía, sintaxe e léxico sobre os contidos culturais nunha porcentaxe aproximada ao 70%-30%
- A nota final de Curso calcularase tendo en conta a media das tres avaliacións e axustando posteriormente a nota en porcentaxe 20%, 30%, 50%.
- Nos exames terase especial coidado en que ademáis de tradución apareza tamén a análise morfosintáctica.

-
- Nas avaliacións terase en conta, ademais das probas obxectivas, o traballo e a actitude do alumno: a súa participación na resolución dos diferentes exercicios que se realicen ou corrixan durante as clases, que traian o material, a publicación na web e demais espazos na rede, a entrega dos traballos esixidos e as presentacións ante o resto da clase.
 - A copia nos exames, a non realización dos traballos encomendados e a non presentación do material didáctico na aula implicarán sempre avaliación negativa do alumno.
 - Nas probas de avaliación primarán en porcentaxe os contidos lingüísticos de morfoloxía, sintaxe e léxico sobre os contidos culturais nunha porcentaxe aproximada ao 70%-30%
 - O ano pasado púxose a disposición do alumnado modelos de exame doutros anos na web dinámica do centro o una aula virtual así como traballo para reforzar e practicar os contidos. Se é posible continuarase con esta práctica.

Criterios de avaliación

- Identificar en textos traducidos de autores clásicos e modernos, despois de resumilos, aspectos históricos ou culturais. Este criterio pretende verificar a capacidade de comprender o contido dun texto, identificar acontecementos, personaxes e aspectos da civilización romana, e relacionar os datos do texto con referentes actuais.
 - Distinguir nas diversas manifestacións literarias e artísticas de todos os tempos a mitoloxía clásica como fonte de inspiración e recoñecer no patrimonio arqueolóxico as pegadas da romanización. Este criterio trata de comprobar se se identifican os principais elementos da mitoloxía clásica e o patrimonio arqueolóxico romano en diversos contextos expresivos, textos literarios e iconografía de calquera tipo, se se comprende o seu significado específico e se se advirte o seu valor como fonte de inspiración.
 - Identificar compoñentes de orixe grecolatina en palabras da linguaxe cotiá e no vocabulario específico das ciencias e da técnica, e explicar o seu sentido etimolóxico. Este criterio trata de comprobar a capacidade de recoñecer os formantes gregos e latinos en diferentes contextos lingüísticos e producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos.
 - Recoñecer latinismos e locucións usuais de orixe latina incorporadas ás linguas coñecidas polo alumno e explicar o seu significado en expresións orais e escritas. Este criterio pretende verificar se o alumnado identifica e comprende as expresións latinas integradas nas linguas modernas e se é capaz de utilizalas de xeito coherente.
 - Recoñecer os elementos morfolóxicos e as estruturas sintácticas elementais da lingua latina e comparalos cos da propia lingua. Con este criterio trátase de constatar a comprensión do funcionamento básico da lingua latina e a capacidade de establecer analoxías e diferenzas con elementos e estruturas da súa propia lingua.
- Traducir textos breves e sinxelos e producir, mediante retroversión, oracións simples utilizando as estruturas propias da lingua latina. Este criterio intenta comprobar se as alumnas e os alumnos asimilaron as estruturas morfolóxicas e sintácticas elementais da lingua latina e se

son capaces de recoñecelas para realizaren traducións directas ou inversas de textos elaborados de escasa dificultade. Traballarase a expresión oral e escrita.

► Manexar recursos que lle permitan ao alumnado elaborar, guiado polo profesorado, un traballo temático sinxelo sobre calquera aspecto da produción artística e técnica, a historia, as institucións, ou a vida cotiá en Roma. Este criterio quere comprobar se o alumnado é quen de buscar información en fontes e formatos diversos, selecciónala, organizala e, despois da elaboración dun texto, expresala con orde, coherencia e cohesión.

Actividades de recuperación

► Por ser avaliación continua non se farán exames de recuperación. Se o alumno superase a terceira avaliación e a media das tres é aprobado terá o latín aprobado. Se non, fará o exame de recuperación ao final do curso.

► Reforzos para lograr a recuperación

► Os alumnos que teñan que recuperar a materia terán un seguimento particular por parte do profesor quen lles informará dos niveis mínimos esixidos para a superación da materia. Propóranse unha serie de actividades de reforzo relativas aos bloques de contidos de lingua, léxico, literatura e textos que realizarán pola súa conta. Se fóra necesario pódese propor unha clase de reforzo quincenal ou, como máximo, mensual, que será acordada cos alumnos interesados.

Criterios de promoción

RESOLUCIÓN do 20 de xullo de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2017/18, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 12. Título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria

1. O alumnado que ao terminar a educación secundaria obrigatoria teña avaliación positiva en todas as materias e teña acadados os obxectivos da etapa e adquiridas as competencias correspondentes obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

2. Así mesmo, obterá o título aquel alumnado que, unha vez realizadas as probas extraordinarias, finalice a etapa con avaliación negativa nun máximo de dúas materias, sempre que non sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas e que o equipo docente considere que o alumno ou alumna ten acadados os obxectivos da etapa e adquiridas as competencias correspondentes.

3. As materias coa mesma denominación en diferentes cursos consideraranse como materias distintas.

-
4. A nota media da etapa será a media das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das materias cursadas na etapa, expresada nunha escala de 1 a 10 con dúas cifras decimais, redondeada á centésima máis próxima e, no caso de equidistancia, á superior. A estes efectos, a situación de “non presentado/a” (NP) na avaliación extraordinaria equivalerá á cualificación numérica obtida para a mesma materia na avaliación ordinaria.
 5. No caso do alumnado que finalice a etapa despois de cursar un Programa de Mellora da Aprendizaxe e o Rendemento, o cálculo da cualificación final farase sen ter en conta as cualificacións obtidas nas materias que non superase antes da data da súa incorporación ao programa, cando ditas materias estivesen incluídas nalgún dos ámbitos previstos no artigo 19.3 do Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato, e o alumno ou alumna superase devandito ámbito.
 6. Os alumnos e as alumnas que obteñan un título de Formación Profesional Básica poderán obter o título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria, sempre que na avaliación final do ciclo formativo, o equipo docente considere que teñen acadados os obxectivos da Educación Secundaria Obrigatoria e adquiridas as competencias correspondentes. Nestes casos, a cualificación final de Educación Secundaria Obrigatoria será a cualificación media obtida nos módulos asociados aos bloques comúns previstos no artigo 42.2 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio.
 7. Os títulos de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria permitirán acceder indistintamente a calquera das ensinanzas postobligatorias recollidas no artigo 3.4 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de acordo co establecido no artigo 2 do real Decreto 562/2017, de 2 de xuño.

Tratamento do fomento da lectura

Dentro do curso de 4º de ESO os alumnos deberán ler unha obra de contido relacionado coa materia. Para iso contamos con exemplares variados na biblioteca. A escolla é libre. Unha vez lida a obra terán que realizar unha exposición oral diante do profesor ou ben unha reseña ou traballo.

Medidas de atención á diversidade

A extensión da escolaridade obrigatoria e os cambios operados na sociedade intensifican a diversidade nos centros: as diferencias de orixe e traxectoria escolar do alumnado son variadas e tamén son variadas as expectativas cara o sistema educativo. É indiscutible que hai unha necesidade de atención aos diversos intereses, capacidades e motivacións. As Unidades Didácticas de Latín de 4º de ESO ofrecen unha información básica e un desenvolvemento monográfico, que permite administrar os contidos en función dos coñecementos e expectativas do alumnado. Aqueles

contidos que non se consideran imprescindibles para a consecución dos obxectivos/capacidades, sepáranse dos que son esenciais.

As actividades neste campo serán:

- de consolidación das aprendizaxes básicas para alcanzar os obxectivos plantexados.
- de organización dos coñecementos de maior dificultade, priorizando as habilidades procedimentais.
- de investigación, para os alumnos máis interesados.

ACTIVIDADES DE REFORZO AMPLIACIÓN E RECUPERACIÓN NO PERÍODO EXTRAORDINARIO

• Actividades :

A. De reforzo e ampliación.

O alumnado que, tendo superado o terceiro trimestre, realice as actividades que se lle encomenden para reforzar as competencias xa adquiridas, ou ben para ampliar a súa competencia naqueles aspectos que lle resultaron máis interesantes despois do traballo de todo o curso, poderán mellorar a súa cualificación final.

Estas actividades, que tratarán de integrar os coñecementos e destrezas adquiridas durante o curso, serán propostas pola profesora e consistirán en:

- Afondamento nas técnicas da comprensión e tradución de textos complexos, axeitados a 4º da ESO
- Afondamento nalgún tema de cultura e civilización tratado durante o curso, escollido polo alumnado.

O alumnado que non teña superado o terceiro trimestre, deberá realizar as actividades de reforzo que lle encomende a profesora, relacionados coas destrezas ou coñecementos que precisen máis atención para cadaquén.

B. De recuperación

O alumnado que non teña superado o terceiro trimestre deberá realizar un exame escrito no que amose ter adquiridas as competencias básicas da materia. Este exame será similar ó último realizado no terceiro trimestre.

• Criterios de cualificación final

- O alumnado que tiña avaliación positiva no último trimestre poderá mellorar a súa cualificación final despois das actividades de reforzo e ampliación expostas anteriormente.

Esta mellora será como máximo de 1 punto sobre a cualificación da terceira avaliación, en función da valoración das actividades de reforzo e ampliación que realice.

- O alumnado que non tivese superado o terceiro trimestre, deberá acadar unha media igual ou superior a 5 no exame final, non podendo ser a cualificación do apartado "Lingua", inferior a 3 pts.

LATÍN 2º DE BACHARELATO

Esta programación, sobre todo no que se refire ós contidos, está suxeita ás directrices que nos envía o coordinador da ABAU (antiga Selectividade) a principio de curso.

Destacar que ó longo do curso a estrutura e organización dos exames irán progresivamente adoptando o formato das Probas de Acceso á Universidade, para familiarizar ó alumno con elas.

Ademais, e por mor da interrupción das clases ao final do segundo trimestre do curso anterior, no primeiro trimestre de este ano hai que incluír os contidos non traballados ao longo do terceiro trimestre pasado, v. gr. os grados do adxectivo, o infinitivo, os tempos de pasiva do tema de perfecto, o subxuntivo, valores do verbo SUM e os seus compostos, os verbos irregulares, os deponentes, as conxuncións subordinantes CUM, UT, NE, e QUOD, etc.....

Obxectivos

- ▶ Intensificar e ampliar os coñecementos lingüísticos e gramaticais que o alumno adquiriu nos anos que estivo estudando esta materia en 1º de Bacharelato.
- ▶ Lograr que o traballo diario de tradución, ademais de permitirlle ó alumno a facultade de interpretar un texto latino, sirva para reflexionar sobre o papel do tradutor ante a obra allea, as súas posibilidades, estilos, limitacións, etc.

Concreción dos estándares de aprendizaxe

Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliábeis que forman parte dos perfís competenciais para os alumnos de Latín II de 2º de Bacharelato.

Estándares de aprendizaxe LATÍN II - 2º DE BACHARELATO	Competencias Clave
Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances	
LA2B1.1.1. Recoñece e distingue a partir do étimo latino termos patrimoniais, semicultismos e cultismos, e explica as evolucións que se producen nun e noutro caso.	CCL, CAA, CCEC
LA2B1.2.1. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán, aplicando as regras fonéticas de evolución, e recoñece palabras da súa lingua que sufriron procesos de evolución semántica, valorando a relación co significado orixinal do étimo latino.	CCL, CMCCT, CCL, CCEC
LA2B1.2.2. Explica o proceso de evolución de termos latinos ás linguas romances, sinalando cambios fonéticos comúns a distintas linguas dunha mesma familia, e ilustralo con exemplos.	CD, CCL, CAA
Bloque 2. Morfoloxía	
LA2B2.1.1. Nomea e describe as categorías, e sinala os trazos que as distinguen.	CAA, CCL
LA2B2.2.1. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, diferenciando lexemas e morfemas, e procurando exemplos noutros termos nos que estean presentes.	CMCCT, CCL

Bloque 2. Morfoloxía

LA2B2.3.1. Analiza morfoloxicamente palabras presentes nun texto latino, identifica correctamente os seus formantes e sinala o seu enunciado.	CMCCT, CCL
LA2B2.4.1. Identifica con seguridade e axudándose do dicionario calquera tipo de formas nominais e pronominais, declínaas e sinala o seu equivalente en galego e en castelán.	CD, CCL, CAA
LA2B2.4.2. Aplica os seus coñecementos da morfoloxía nominal e pronominal latina para realizar traducións e retroversións, axudándose do dicionario.	CCL, CAA
LA2B2.5.1. Identifica con seguridade e axudándose co dicionario calquera tipo de formas verbais, conxúgaas e sinala o seu equivalente en galego e en castelán	CD, CAA, CCL
LA2B2.5.2. Aplica os seus coñecementos da morfoloxía verbal latina para realizar traducións e retroversións, axudándose do dicionario.	CCL, CAA, CD

Bloque 3. Sintaxe

LA2B3.1.1. Utiliza axeitadamente a análise da sintaxe nominal e pronominal dun texto para efectuar correctamente a súa tradución.	CCL, CAA
LA2B3.2.1. Recoñece, distingue e clasifica os tipos de oracións e as construcións sintácticas latinas, e relaciónaas con construcións análogas existentes noutras linguas que coñeza.	CCL, CAA
LA2B3.3.1. Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua latina, e relaciónaos para traducilos cos seus equivalentes en galego e en castelán.	CCL, CAA
LA2B3.4.1. Define e comprende os conceptos de oración composta, coordinación e subordinación, sinala exemplos nos textos e recoñece os tipos de oracións compostas, tanto coordinadas como subordinadas, así como os nexos que as caracterizan.	CAA, CCL
LA2B3.5.1. Identifica formas non persoais do verbo en frases e textos, tradúceas correctamente e explica as súas funcións.	CCL, CAA

Bloque 4. Literatura latina

LA2B4.1.1. Nomea os aspectos máis salientables referentes á transmisión dos textos clásicos ao longo do tempo.	CCEC, CMCCT, CCEC
LA2B4.2.1. Describe as características esenciais dos xéneros literarios latinos, e identifica e sinala a súa presenza en textos propostos.	CAA, CCL, CCEC
LA2B4.3.1. Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles autores, obras e outros aspectos relacionados coa literatura latina.	CMCCT, CCEC
LA2B4.3.2. Nomea autores representativos da literatura latina, encádraos no seu contexto cultural, e cita e explica as súas obras máis coñecidas.	CD, CCL
LA2B4.4.1. Realiza comentarios de textos latinos e sitúaos no tempo, explicando a súa estrutura, se a extensión da pasaxe o permite, e as súas características esenciais, e identifica o xénero ao que pertencen.	CCL, CSC, CCEC

Bloque 4. Literatura latina

LA2B4.5.1. Analiza o diferente uso que se fixo dos textos latinos, explorando o mantemento dos xéneros e os temas da literatura latina mediante exemplos da literatura contemporánea.

CSC, CD, CCL

LA2B4.5.2. Recoñece a través de motivos, temas ou personaxes a influencia da tradición grecolatina en textos de autores/as contemporáneos/as, e sérvese deles para comprender e explicar o mantemento dos xéneros e dos temas procedentes da cultura grecolatina, describindo os seus aspectos esenciais e os tratamentos que reciben.

CSC, CD, CCL

Bloque 5. Roma: Textos

LA2B5.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos latinos para efectuar correctamente a súa tradución.

CCL, CAA

LA2B5.2.1. Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario, analizando e valorando correctamente a información gramatical que proporciona, e identifica en cada caso o termo máis acaído na lingua propia, en función do contexto e do estilo empregado polo autor, para unha correcta tradución do texto.

CD, CAA, CCL

LA2B5.3.1. Aplica os coñecementos adquiridos para realizar comentarios lingüísticos, históricos e literarios de textos.

CAA, CSC, CCEC, CCL

LA2B5.4.1. Identifica o contexto social, cultural e histórico dos textos propostos partindo de referencias tomadas dos propios textos e asociándoos con coñecementos adquiridos previamente.

CSC, CCEC, CCL

LA2B5.5.1. Recoñece e explica a partir de elementos formais o xénero e o propósito do texto.

CCL, CCEC

Bloque 6. Léxico

LA2B6.1.1. Identifica e explica termos do léxico literario, científico e filosófico, e tradúceos correctamente ao galego e ao castelán.

CCL, CMCCT, CD

LA2B6.2.1. Deduce o significado de palabras e expresións latinas non estudadas a partir do contexto, ou de palabras ou expresións da súa lingua ou doutras linguas que coñeza.

CAA, CCL, CD

LA2B6.2.2. Identifica a etimoloxía e coñece o significado de palabras de léxico común e especializado do galego e do castelán.

CD, CCL

LA2B6.3.1. Comprende, explica e emprega na lingua propia e no contexto axeitado locucións e expresións latinas que se mantiveron na linguaxe literaria, xurídica, filosófica, técnica, relixiosa, médica e científica.

CMCCT, CSC, CD, CCEC, CCL

LA2B6.4.1. Recoñece e explica o significado dos helenismos e dos latinismos máis frecuentes utilizados no léxico das linguas faladas en España, e explica o seu significado a partir do termo de orixe.

CCL, CCEC

Secuenciación e temporalización dos contidos

Contidos Primeira avaliación LATÍN II	Referencia	Mes	nº sesións	Probas avaliación
B2.1. Morfoloxía nominal e pronominal: formas menos usuais e irregulares.		setembro - outubro	9	Controles morfoloxía na Aula (1ª ava)
B3.1. Estudo pormenorizado da sintaxe nominal e pronominal.		novembro	4	Cuestións gramaticais nas traducións
B4.1. Transmisión literaria e xéneros literarios latinos (Introdución. Comedia)		setembro - outubro	7	Traballos e cuestionario sobre lectura. "Transmisión e xéneros literarios" Mapa conceptual "Plauto e a comedia latina" Cuestionario "Teatro latino. Plauto"
B6.2. Etimoloxía e orixe das palabras da propia lingua (Toponimia I) B6.3. Locucións e expresións latinas incorporadas á lingua coloquial e á literaria (I)		novembro - decembro	8	Cuestionarios on-line Exposición na Aula Cuestionario "Latinismos e Toponimia I" 50 primeiros topónimos e locucións
B5.1. Tradución e interpretación de textos latinos. (textos adaptados)		setembro-outubro - novembro	25	1ª tradución con dicionario (texto adaptado ou non)
B5.2. Comentario e análise histórica, lingüística e literaria de textos latinos orixinais (Eutropio ou César)		novembro-decembro		2ª tradución con dicionario (Eutropio ou César)
B5.3. Coñecemento do contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos.				
B5.4. Identificación das características formais dos textos.				

Contidos Segunda avaliación LATÍN II	Referencia	Mes	nº sesións	Probas avaliación
B2.2. Morfoloxía verbal: verbos irregulares e defectivos. Formas nominais do verbo: xerundio, xerundivo e supino. Conxugación perifrástica.		xaneiro - febreiro	6	Controles de morfoloxía na aula (2ª ava.)

Contidos Segunda avaliación LATÍN II	Referencia	Mes	nº sesións	Probas avaliación
B3.2. Tipos de oracións e construcións sintácticas.		xaneiro - marzo	2	Cuestións gramaticais nas traducións
B3.3. Oración composta: coordinación e subordinación (I)		marzo	5	Cuestións gramaticais nas traducións
B3.4. Construcións de infinitivo, participio, xerundio, xerundivo e supino.		febreiro	6	Cuestións gramaticais nas traducións
B4.1. Transmisión literaria e xéneros literarios latinos (Oratoria, Lírica I)		xaneiro - marzo	18	Cuestionario Literatura Latina (Oratoria-Cicerón+Crise da República) Lectura Prefacio de Rubicon. Lectura introdución a Cicerón Cuestións sobre In Catilinam-De legibus Cuestións sobre De senectute Traballo web + exposición Oratoria-Cicerón Mapa conceptual "Cicerón e a Oratoria" Mapa conceptual "Crise República"
B6.2. Etimoloxía e orixe das palabras da propia lingua (Toponimia II) B6.3. Locucións e expresións latinas incorporadas á lingua coloquial e á literaria (II)		xaneiro - febreiro	7	Cuestionarios on-line Proba escrita ou oral sobre 50 topónimos e 50 latinismos.
B5.1. Tradución e interpretación de textos latinos. (Eutropio ou César) B5.2. Comentario e análise histórica, lingüística e literaria de textos latinos orixinais (Eutropio ou César) B5.3. Coñecemento do contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos. B5.4. Identificación das características formais dos textos.		xaneiro-marzo	20	1ª tradución con dicionario (Eutropio ou César) 2ª tradución con dicionario (Eutropio ou César)

Contidos Terceira avaliación LATÍN II	Referencia	Mes	nº sesións	Probas avaliación
---------------------------------------	------------	-----	------------	-------------------

Contidos Terceira avaliación LATÍN II	Referencia	Mes	nº sesións	Probas avaliación
B3.3. Oración composta: coordinación e subordinación (II)		abril	5	Cuestións gramaticais nas traducións
B6.2. Etimoloxía e orixe das palabras da propia lingua (Toponimia III) B6.3. Locucións e expresións latinas incorporadas á lingua coloquial e á literaria (III)		Marzo	7	Cuestionarios on-line Proba escrita ou oral sobre 50 topónimos e 50 latinismos
B6.4. Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos de orixe latina e grega.		Abril	7	Cuestionario Composición e derivación on-line ou exercicio na aula
B4.1. Transmisión literaria e xéneros literarios latinos (Lírica II, Historiografía, Épica, Fábula)		marzo - maio	17	Traballo web Literatura Mapa conceptual Lírica Lectura Tito Livio (Lucrecia) Lectura Tito Livio (Rómulo e Remo) Lectura Suetonio (Claudio) Lectura Selecta Eneida Mapa conceptual "Historiografía" Mapa conceptual "Épica" Cuestionarios on-line de Literatura Latina (Lírica, Historiografía, Épica)"
B5.1. Tradución e interpretación de textos latinos. (Fedro)		abril - maio	14	1ª tradución con dicionario (Fedro)
B5.2. Comentario e análise histórica, lingüística e literaria de textos latinos orixinais (Fedro)				Relectio (texto de Fedro vistos na Aula)
B5.3. Coñecemento do contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos.				
B5.4. Identificación das características formais dos textos.				

Estándares e porcentaxes

- 1.1. Recoñece e distingue a partir do étimo latino termos patrimoniais e cultismos explicando as diferentes evolucións que se producen nun e outro caso.
- 1.2. Deduce e explica o significado das palabras das linguas de España a partir dos étimos latinos dos que proceden.
- 2.1. Recoñece e explica o significado dos helenismos e latinismos máis frecuentes utilizados no léxico das linguas faladas en España, explicando o seu significado a partir do termo de orixe.
- 3.1. Explica o proceso de evolución de termos latinos ás linguas romances, sinalando cambios fonéticos comúns a distintas linguas dunha mesma familia e ilustrándoo con exemplos.
- 3.2. Realiza evolucións de termos latinos ao castelán aplicando e explicando as regras fonéticas de evolución.
- 1.1. Nomea e describe as categorías gramaticais, sinalando os trazos que as distinguen.
- 2.1. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e afixos e buscando exemplos doutros termos nos que estean presentes.
- 3.1. Analiza morfoloxicamente palabras presentes nun texto clásico identificando correctamente os seus formantes e sinalando o seu enunciado.
- 4.1. Identifica con seguridade e axudándose do dicionario todo tipo de formas verbais, conxugándoas e sinalando o seu equivalente en castelán.
- 5.1. Aplica os seus coñecementos da morfoloxía verbal e nominal latina para realizar traducións e retroversións.
- 1.1. Recoñece, distingue e clasifica os tipos de oracións e as construcións sintácticas latinas, relacionándoas con construcións análogas existentes noutras linguas que coñece.
- 2.1. Identifica formas non persoais do verbo en frases e textos, traducíndoas correctamente e explicando as funcións que desempeñan.
- 3.1. Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua latina relacionándoos para traducilos cos seus equivalentes en castelán.
- 1.1. Describe as características esenciais dos xéneros literarios latinos e identifica e sinala a súa presenza en textos propostos.
- 2.1. Realiza eixes cronolóxicos situando neles autores, obras e outros aspectos relacionados coa literatura latina.
- 2.2. Nomea autores representativos da literatura latina, encadrándoos no seu contexto cultural e citando e explicando as súas obras máis coñecidas.
- 3.1. Realiza comentarios de textos latinos situándoos no tempo, explicando a súa estrutura, se a extensión da pasaxe o permite, e as súas características esenciais, e identificando o xénero ao que pertencen.
- 4.1. Analiza o distinto uso que se fixo destes. Explora a permanencia dos xéneros e os temas literarios da tradución latina mediante exemplos da literatura contemporánea.
- 4.2. Recoñece a través de motivos, temas ou personaxes a influencia da tradición grecolatina en textos de autores contemporáneos e sérvese deles para comprender e explicar a permanencia dos xéneros e dos temas procedentes da cultura grecolatina, describindo os seus aspectos esenciais e os distintos tratamentos que reciben.
- 1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos clásicos para efectuar correctamente a súa tradución.
- 1.2. Aplica os coñecementos adquiridos para realizar comentarios lingüísticos, históricos e literarios de textos.

-
- 2.1. Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario para a tradución de textos, identificando en cada caso o termo máis apropiado na lingua propia en función do contexto e do estilo empregado polo autor.
 - 3.1. Recoñece e explica a partir de elementos formais o xénero e o propósito do texto.
 - 4.1. Identifica o contexto social, cultural e histórico dos textos propostos partindo de referencias tomadas dos propios textos e asociándoas con coñecementos adquiridos previamente.
 - 1.1. Identifica e explica termos do léxico literario e filosófico, traducíndoos correctamente á propia lingua.
 - 1.2. Deduce o significado de palabras e expresións latinas non estudadas a partir do contexto ou de palabras ou expresións da súa lingua ou doutras que coñece.
 - 2.1. Identifica a etimoloxía e coñece o significado de palabras de léxico común e especializado da lingua propia.
 - 2.2. Comprende e explica de xeito correcto o significado de latinismos e expresións latinas que se incorporaron a diferentes campos semánticos da lingua falada ou permaneceron na linguaxe xurídica, filosófica, técnica, relixiosa, médica e científica.
 - 3.1. Realiza evolucións de termos latinos a distintas linguas romances aplicando as regras fonéticas de evolución.

Metodoloxía e actividades complementarias

- ▶ O enfoque ten que ser sobre todo práctico. Por iso é necesario traballar con textos seleccionados de dificultade gradual, e débense aproveitar estes como pretexto para introducir ó alumno nos diversos aspectos do mundo romano.
- ▶ Faranse entón traducións diarias, con explicacións gramaticais, sintácticas, estilísticas ou de calquera outro tipo, no momento da corrección das mesmas. O alumno deberá participar activamente nelas, aportando a súa versión do texto e comparándoa ca dos seus compañeiros, a do profesor ou outras.
- ▶ Os temas de literatura serán ilustrados con lecturas seleccionadas dos autores do programa, das que se faran comentarios de texto mediante tarefas.
- ▶ Realización de presentacións de traballos en equipo.
- ▶ Cuestionarios e Glosarios descritos en cursos anteriores.
- ▶ Os temas de civilización latina completaranse coa proxección de vídeos, sesións na aula de ordenadores e excursións ou visitas a museos.
- ▶ Poderanse unir a excursión dos alumnos de cuarto e de primeiro ao xacemento de Sto. Tomé, ao museo Provincial se o centro o permite ou a data non perxudica aos alumnos.
- ▶ No segundo trimestre está prevista unha excursión ó festival de teatro greco-latino Lugo-Ourense 2022, organizado pola Sección Galega da Sociedade Española de Estudos Clásicos.
- ▶ Busca de información sobre a romanización de Galicia e os latinismos na prensa

Instrumentos e procedementos de avaliación

- ▶ Primeira avaliación: haberá dúas probas de tradución con comentario gramatical, de civilización latina e literatura e de topónimos e latinismos.
- ▶ Segunda avaliación: haberá tres probas de tradución con comentario gramatical (un texto de Eutropio, César e outro de Fedro), de civilización latina e literatura e de topónimos e

latinismos. Os autores poderán variar dependendo do grupo ou das directrices ou informacións recibidas de cara á ABAU.

▶ Terceira avaliación: ademais de tres probas de tradución con comentario gramatical (Eutropio ou Fedro), poderanse facer conxuntamente ou como probas independentes outras de civilización latina e literatura; igualmente con topónimos e latinismos e Derivación-Composición. Finalmente realizarase un exame final semellante ás probas de acceso á universidade, que se avaliará como se explica no cadro inferior. Nesta última proba será necesario sacar un 2.5 na tradución e un 1.5 na parte teórica. (A proba poderá variar dependendo do grupo ou das directrices ou informacións recibidas de cara á ABAU).

Tradución (verso/prosa)	Cuestión gramatical	Literatura latina	Cuestións mundo clásico
6	1	1,5	0,75 (dúas)

▶ A nota final de Curso calcularase tendo en conta a media das tres avaliacións en distinta porcentaxe 25% 35% e 40%, primeira, segunda e terceira avaliación respectivamente. e axustando posteriormente a nota dacordo co que se especifica nos seguintes párrafos.

▶ Nas avaliacións terase en conta, ademais das probas obxectivas, o traballo e a actitude do alumno: a súa participación na resolución dos diferentes exercicios que se realicen ou corrixan durante as clases, a publicación nos blogs e demais espazos na rede, a entrega dos traballos esixidos e as presentacións ante o resto da clase.

▶ A copia nos exames, a non realización dos traballos encomendados e a non presentación do material didáctico na aula poderán implicar a avaliación negativa do alumno.

- O ano pasado púxose a disposición do alumnado modelos de exame doutros anos na web dinámica do centro o una aula virtual así como traballo para reforzar e practicar os contidos. Se é posible continuarase con esta práctica.

Criterios de avaliación

▶ Comprender e traducir de forma coherente textos latinos pertencentes a diversos xéneros literarios. Con este criterio preténdese comprobar o progreso na práctica da tradución, así como a capacidade de lectura comprensiva adquirida polo alumnado. Na tradución procurarase combinar a fidelidade coa corrección no estilo, facendo un adecuado uso do dicionario.

▶ Recoñecer en textos latinos orixinais os elementos básicos da morfoloxía regular e da sintaxe da oración, en función da comprensión do texto latino, apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas, especialmente co galego e co castelán. Este criterio trata de comprobar o coñecemento e manexo da lingua latina por parte do alumnado, completando o nivel adquirido no curso anterior mediante o estudo das irregularidades morfolóxicas de maior frecuencia e dos procedementos máis habituais de subordinación propios da lingua latina. O alumnado debe manifestar o seu avance neste nivel facendo análises morfosintácticas de textos orixinais de dificultade progresiva e recoñecendo as variantes e coincidencias respecto doutras linguas por el coñecidas.

▶ Comparar o léxico latino co das outras linguas de uso do alumnado, identificando os seus compoñentes e deducindo o seu significado etimolóxico. Este criterio trata de avaliar se o

alumnado domina os procedementos de derivación e composición na formación do léxico latino e se é consciente de que eses derivados pasaron como tales á lingua que utiliza. Así mesmo, trátase de comprobar se reflexionou sobre os procedementos de derivación e composición, no que xogan un papel preponderante os afixos de orixe grecolatina.

► Realizar comentarios de textos traducidos, analizar as estruturas e trazos literarios deles e recoñecer o papel da literatura clásica nas literaturas occidentais. Con este criterio preténdese comprobar a identificación dos elementos esenciais dun texto literario, formais e de contido, e se se recoñecen os diversos xéneros polos seus trazos diferenciadores. O comentario versará sobre textos con sentido completo de diversos xéneros literarios e a súa comparación con textos da literatura posterior, especialmente a escrita en galego e castelán nos que sobrevivan trazos, temas ou tópicos da literatura latina.

► Planificar e realizar traballos monográficos manexando fontes de diversos tipos (restos arqueolóxicos, inscricións, índices, léxicos, traballos específicos, etc.) e utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación como ferramenta de organización e comunicación dos resultados. Este criterio trata de constatar a capacidade creativa do alumnado na planificación, procura, recompilación e sistematización da información, así como o grao de corrección na expresión oral ou escrita. O alumnado, guiado polo profesorado, planificará a actividade, organizará a información, contrastará e intentará formular hipóteses, elaborando o seu traballo mediante o uso das tecnoloxías da información e da comunicación como ferramentas fundamentais en todo o proceso e como soporte para a exposición das súas conclusións. Neste sentido, recoméndase o uso de páxinas web, blogs, páxinas colaborativas, enciclopedias e dicionarios en liña, programas de presentacións e outras ferramentas da internet.

► Ler obras da literatura latina traducidas. Con este criterio preténdese que o alumnado capte a mensaxe contida na obra, as claves do xénero e o seu contexto histórico. Pode tratarse de obras completas, traducidas ou adaptadas ao nivel de bacharelato, ou ben de antoloxías dunha única ou varias autorías ou que se articulen ao redor de temas concretos. O que se busca fundamentalmente é potenciar o hábito de lectura con textos atractivos para o alumnado.

Actividades de recuperación

As medidas de recuperación poden ser entre outras a elaboración de resúmenes das ideas principais de cada unidade, textos para traduciren na casa ou unha proba de recuperación (escrita) por cada avaliación que demostren o grao de adquisición dos obxectivos establecidos. Os alumnos coa materia pendente terán a posibilidade de superar a totalidade da materia presentándose a unha proba en febreiro e outra en maio.

Criterios de promoción

O Ministerio de Educación anuncia as dúas posibilidades de promoción para o alumnado que ao rematar o segundo curso obtívase unha avaliación negativa en tres ou catro materias:

1. Matricularse novamente en 2º Bacharelato na súa totalidade renunciado a todas as cualificacións obtidas.

2. Matricularse das materias suspensas e cursar voluntariamente só algunha das aprobadas co acordo da dirección do centro

Tratamento do fomento da lectura

Dentro do curso de 2º de Bacharelato os alumnos poderán ler obras ou fragmentos dos autores que entran no programa, elixidos polo profesor. Tamén poden propoñerse outras obras relacionadas coa materia ou co Festival de Teatro Grecolatino.

Unha vez lida a obra terán que realizar unha exposición oral diante do profesor ou un traballo ou ser avaliados mediante probas escritas. A non superación desta proba levará ao alumno a ter que recuperala na terceira avaliación.

Medidas de atención á diversidade

A extensión da escolaridade obrigatoria e os cambios operados na sociedade intensifican a diversidade nos centros: as diferencias de orixe e traxectoria escolar do alumnado son variadas e tamén son variadas as expectativas cara o sistema educativo. É indiscutible que hai unha necesidade de atención aos diversos intereses, capacidades e motivacións. Os temas de 2º de Bacharelato ofrecen unha información básica e un desenrolo monográfico, que permite administrar os contidos en función dos coñecementos e expectativas do alumnado. Aqueles contidos que non se consideran imprescindibles para a consecución dos obxectivos/capacidades, sepáranse dos que son esenciais.

As actividades neste campo serán:

- ▶ de consolidación das aprendizaxes básicas para alcanzar os obxectivos plantexados.
- ▶ de organización dos coñecementos de maior dificultade, priorizando as habilidades procedimentais.
- ▶ de investigación, para os alumnos máis interesados

Recuperación da materia pendente

Os alumnos coa materia de Latín I pendente en 2º de bacharelato terán que facer dúas probas escritas para demostrar o coñecemento dos contidos da materia, unha a finais de xaneiro ou principios de febreiro e outra a finais de abril ou principios de maio.

As dúas probas terán tres partes: unha de morfoloxía nominal e pronominal, outra de morfoloxía verbal e unha terceira de análise morfo-sintáctico e tradución de textos sinxelos latinos.

ACTIVIDADES DE REFORZO AMPLIACIÓN E RECUPERACIÓN NO PERÍODO EXTRAORDINARIO

• Actividades :

A. De reforzo e ampliación:

O alumnado que teña superado o terceiro trimestre poderá realizar actividades que se

Ile encomenden para reforzar as competencias xa adquiridas, ou ben para ampliar a súa competencia naqueles aspectos que lle resultaron máis interesantes despois do traballo de todo o curso.

Estas actividades, que tratarán de integrar os coñecementos e destrezas adquiridas durante o curso, serán propostas polo profesor e consistirán en:

- Afondamento nas técnicas da comprensión e tradución de textos complexos, axeitados a 2º de bacharelato.
- Afondamento nalgún tema de cultura e civilización e literatura tratado durante o curso, escollido polo alumnado.

O alumnado que non teña superado o terceiro trimestre, deberá realizar as actividades de reforzo que lle encomende o profesor, relacionados coas destrezas ou coñecementos que precisen máis atención para cadaquén.

B. De recuperación:

O alumnado que non teña superado o terceiro trimestre deberá realizar un exame escrito no que amose ter adquiridas as competencias básicas da materia. Este exame será similar ó último realizado no terceiro trimestre.

• Criterios de cualificación final

- O alumnado que non tivese superado o terceiro trimestre, deberá acadar unha media igual ou superior a 5 no exame final, non podendo ser a cualificación do apartado “Lingua”, inferior a 3 ptos.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN. CONTIDOS MÍNIMOS. LATÍN 4º ESO

- Na primeira avaliación:

Contidos mínimos lingüísticos: primeira e segunda declinación. Verbos: presente de indicativo e adxectivos 2-1-2.

Contidos mínimos culturais e legado: Historia o latín, a cidade de Roma, etapas da historia de Roma e a Romanización de Hispania. Formación de léxico e formación de palabras.

- Na segunda avaliación haberá alomenos dúas probas.

Contidos mínimos lingüísticos: terceira, cuarta e quinta declinación, imperfecto, futuro e perfecto de indicativo e adxectivos da terceira.

Contidos mínimos culturais e legado: Sociedade romana, A estrutura política e o exército. Formación de léxico e formación de palabras.

- Na terceira avaliación haberá dúas ou tres probas dependendo do tempo e da dinámica da clase:

Contidos mínimos lingüísticos: pronomes demostrativos, numerais, pretérito pluscuamperfecto e futuro perfecto de indicativo, subxuntivo e infinitivo.

- Contidos mínimos culturais e legado: a relixión romana, a familia e a educación, o ocio e a diversión.. Formación de léxico e formación de palabras.

- Os contidos lingüísticos serán aproximadamente un 70% da nota . O 30% restante serán contidos de léxico, latinismos, formación de palabras e historia e organización de Roma.

- Os alumnos terán que facer un traballo sobre latinismos en prensa. Asimesmo pódese propoñer calquera outro traballo sobre algún tema relacionado coa materia.

- Na segunda avaliación terán que demostrar ter lido un cómic, obra literaria ou filme mediante proba escrita.

- A nota final de Curso calcularase tendo en conta a media das tres avaliacións 20%, 30%, 50% e axustando posteriormente a nota dacordo co que se especifica nos seguintes párrafos.

- Nas avaliacións terase en conta, ademais das probas obxectivas, o traballo e a actitude do alumno: a súa participación na resolución dos diferentes exercicios que se realicen ou corrixan durante as clases, a publicación nas web e demais espazos na rede, a entrega dos traballos esixidos e as presentacións ante o resto da clase.

- A copia nos exames, a non realización dos traballos encomendados e a non presentación do material didáctico na aula poderán implicar a avaliación negativa do alumno.

O alumno deberá ser capaz de:

- Identificar en textos traducidos de autores clásicos e modernos, despois de resumilos, aspectos históricos ou culturais. Este criterio pretende verificar a capacidade de comprender o contido dun texto, identificar acontecementos, personaxes e aspectos da civilización romana, e relacionar os datos do texto con referentes actuais.

- Distinguir nas diversas manifestacións literarias e artísticas de todos os tempos a mitoloxía clásica como fonte de inspiración e recoñecer no patrimonio arqueolóxico as pegadas da romanización. Este criterio trata de comprobar se se identifican os principais elementos da mitoloxía clásica e o patrimonio arqueolóxico romano en diversos contextos expresivos, textos literarios e iconografía de calquera tipo, se se comprende o seu significado específico e se se advirte o seu valor como fonte de inspiración.

- Identificar compoñentes de orixe grecolatina en palabras da linguaxe cotiá e no vocabulario específico das ciencias e da técnica, e explicar o seu sentido etimolóxico. Este criterio trata de comprobar a capacidade de recoñecer os formantes gregos e latinos en diferentes contextos lingüísticos e producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos.

- Recoñecer latinismos e locucións usuais de orixe latina incorporadas ás linguas coñecidas polo alumno e explicar o seu significado en expresións orais e escritas. Este criterio pretende verificar se o alumnado identifica e comprende as expresións latinas integradas nas linguas modernas e se é capaz de utilizalas de xeito coherente.

- Recoñecer os elementos morfolóxicos e as estruturas sintácticas elementais da lingua latina e comparalos cos da propia lingua. Con este criterio trátase de constatar a comprensión do funcionamento básico da lingua latina e a capacidade de establecer analoxías e diferenzas con elementos e estruturas da súa propia lingua.

- Traducir textos breves e sinxelos e producir, mediante retroversión, oracións simples utilizando as estruturas propias da lingua latina. Este criterio intenta comprobar se as alumnas e os alumnos asimilaron as estruturas morfolóxicas e sintácticas elementais da lingua latina e se son capaces de recoñecelas para realizaren traducións directas ou inversas de textos elaborados de escasa dificultade. Traballarase a expresión oral e escrita.

-
- Manexar recursos que lle permitan ao alumnado elaborar, guiado polo profesorado, un traballo temático sinxelo sobre calquera aspecto da produción artística e técnica, a historia, as institucións, ou a vida cotiá en Roma. Este criterio quere comprobar se o alumnado é quen de buscar información en fontes e formatos diversos, selecciónala, organizala e, despois da elaboración dun texto, expresala con orde, coherencia e cohesión.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN. CONTIDOS MÍNIMOS. LATÍN 2º DE BACHARELATO

- ▶ Primeira avaliación: haberá dúas probas de tradución con comentario gramatical, de civilización latina e literatura e de topónimos e latinismos.
- ▶ Segunda avaliación: haberá tres probas de tradución con comentario gramatical (un texto de Eutropio ou César e outro de Fedro), de civilización latina e literatura e de topónimos e latinismos. Os autores poderán variar dependendo do grupo ou das directrices ou informacións recibidas de cara á ABAU.
- ▶ Terceira avaliación: ademais de tres probas de tradución con comentario gramatical (Eutropio/César ou Fedro), poderase facer conxuntamente ou como probas independentes outras de civilización latina e literatura; igualmente con topónimos e latinismos e Derivación-Composición. Finalmente realizarase un exame final semellante ás probas de acceso á universidade, que se avaliará como se explica no cadro inferior. Nesta última proba será necesario sacar un 2.5 na tradución e un 1.5 na parte teórica. (A proba poderá variar dependendo do grupo ou das directrices ou informacións recibidas de cara á reválida).

Tradución (verso/prosa)	Cuestión gramatical	Literatura latina	Cuestións mundo clásico
6	1	1,5	0,75 (dúas)

- ▶ A nota final de Curso calcularase tendo en conta a media das tres avaliacións en distinta porcentaxe 25% 35% e 40%, primeira, segunda e terceira avaliación respectivamente. e axustando posteriormente a nota dacordo co que se especifica nos seguintes párrafos.
- ▶ Nas avaliacións terase en conta, ademais das probas obxectivas, o traballo e a actitude do alumno: a súa participación na resolución dos diferentes exercicios que se realicen ou corrixan durante as clases, a publicación nos blogs e demais espazos na rede, a entrega dos traballos esixidos e as presentacións ante o resto da clase.
- ▶ A copia nos exames, a non realización dos traballos encomendados e a non presentación do material didáctico na aula poderán implicar a avaliación negativa do alumno.

O alumno deberá ser capaz de:

- ▶ Comprender e traducir de forma coherente textos latinos pertencentes a diversos xéneros literarios. Con este criterio preténdese comprobar o progreso na práctica da tradución, así como a capacidade de lectura comprensiva adquirida polo alumnado. Na tradución procurarase combinar a fidelidade coa corrección no estilo, facendo un adecuado uso do dicionario.
- ▶ Recoñecer en textos latinos orixinais os elementos básicos da morfoloxía regular e da sintaxe da oración, en función da comprensión do texto latino, apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas, especialmente co galego e co castelán. Este criterio trata de comprobar o coñecemento e manexo da lingua latina por parte do alumnado, completando o nivel adquirido no curso anterior mediante o estudo das irregularidades morfolóxicas de maior frecuencia e dos procedementos máis habituais de subordinación propios da lingua latina. O alumnado debe manifestar o seu avance neste nivel facendo análises morfosintácticas de textos orixinais de dificultade progresiva e recoñecendo as variantes e coincidencias respecto doutras linguas por el coñecidas.
- ▶ Comparar o léxico latino co das outras linguas de uso do alumnado, identificando os seus compoñentes e deducindo o seu significado etimolóxico. Este criterio trata de avaliar se o alumnado domina os procedementos de derivación e composición na formación do léxico latino e se é consciente de que eses derivados pasaron como tales á lingua que utiliza. Así mesmo, trátase de comprobar se reflexionou sobre os procedementos de derivación e composición, no que xogan un papel preponderante os afixos de orixe grecolatina.
- ▶ Realizar comentarios de textos traducidos, analizar as estruturas e trazos literarios deles e recoñecer o papel da literatura clásica nas literaturas occidentais. Con este criterio preténdese comprobar a identificación dos elementos esenciais dun texto literario, formais e de contido, e se se recoñecen os diversos xéneros polos seus trazos diferenciadores. O comentario versará sobre textos con sentido completo de diversos xéneros literarios e a súa comparación con textos da literatura posterior, especialmente a escrita en galego e castelán nos que sobrevivan trazos, temas ou tópicos da literatura latina.

► Planificar e realizar traballos monográficos manexando fontes de diversos tipos (restos arqueolóxicos, inscricións, índices, léxicos, traballos específicos, etc.) e utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación como ferramenta de organización e comunicación dos resultados. Este criterio trata de constatar a capacidade creativa do alumnado na planificación, procura, recompilación e sistematización da información, así como o grao de corrección na expresión oral ou escrita. O alumnado, guiado polo profesorado, planificará a actividade, organizará a información, contrastará e intentará formular hipóteses, elaborando o seu traballo mediante o uso das tecnoloxías da información e da comunicación como ferramentas fundamentais en todo o proceso e como soporte para a exposición das súas conclusións. Neste sentido, recoméndase o uso de páxinas web, blogs, páxinas colaborativas, enciclopedias e dicionarios en liña, programas de presentacións e outras ferramentas da internet.

► Ler obras da literatura latina traducidas. Con este criterio preténdese que o alumnado capte a mensaxe contida na obra, as claves do xénero e o seu contexto histórico. Pode tratarse de obras completas, traducidas ou adaptadas ao nivel de bacharelato, ou ben de antoloxías dunha única ou varias autorías ou que se articulen ao redor de temas concretos. O que se busca fundamentalmente é potenciar o hábito de lectura con textos atractivos para o alumnado.

ADDENDA Á PROGRAMACIÓN

No caso de interrupción da actividade lectiva normal e ter que pasar a unha actividade semipresencial ou a distancia, as clases terán lugar a través de videoconferencias pola aplicación CiscoWebex e os materiais, exercicios e probas serán presentados a través da aula virtual correspondente do I.E.S.

A comunicación co alumnado sería, como pretendemos que sexa ao longo de todo o curso, por dúas canles: o correo electrónico e, preferentemente, o servizo de mensaxes da propia Aula Virtual